

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO
AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR
CURSO ESCOLAR 2020/2021

Cada solicitante cubrirá un único documento, no que figurarán todos os fillos/as matriculados no centro, para participar nas seguintes axudas:

- 1- AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS: alumnado matriculado en 1º e 2º de E. Primaria.
- 2- AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR: alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria.
- 3- FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO: alumnado de 3º e 4º de E. Primaria. Están excluídos os alumnos/as de 5º e 6º de E. Primaria por ser E-DIXGAL.

.....
CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: sumaranse os recadros 435 e o 460 da declaración da renda de 2018 dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos.

- En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2018.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase **dividindo** a renda da unidade familiar **entre o número de membros computables**.

Son membros computables:

- Os pais ou titores legais, fillos/as menores de idade, fillos/as maiores de idade con discapacidade e fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a, agás nos casos de custodia compartida. Será membro computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella (en situación de unión de feito ou análoga).
- Computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno/a e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1- Os **Anexos I e II** cubertos. No cadro da páxina 1 deberán figurar todos os fillos/as do solicitante matriculados no centro en E. Primaria; no cadro da páxina 2 só deben figurar o cónxuxe, en caso de que o haxa e os demais fillos que forman a unidade familiar; no cadro da páxina 3 deben figurar e asinar todos os membros da unidade familiar distintos do solicitante (no caso dos menores de idade debe asinar un dos proxenitores). O solicitante deberá asinar nas páxinas 3 e 4.

2- **Fotocopia do libro de familia** no cal figuren todos os membros da unidade familiar.

Se non hai libro de familia, ou se a situación familiar cambiou a 31 de decembro de 2018:

- Certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- En caso de divorcio ou separación legal dos pais: fotocopia da sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

3- **Certificado de discapacidade**: aportarse o certificado só en caso de que non fose emitido pola Xunta de Galicia.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NO CENTRO

■ De maneira telemática:

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

■ De forma presencial:

Poderá presentarse no centro, de luns a venres en horario de 10:00 a 13:00.

Os formularios de solicitude (Anexos I e II) poden recollese no centro, estando tamén dispoñible na páxina web do centro, así como no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) ou na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

O último día para presentar as solicitudes no centro será o **venres 19 de xuño**.

MÁIS INFORMACIÓN EN: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedrocasellesrollan/>